

CARMIÑA DO MEU AGRADO

1

Carmiña do meu agrado
bonita cara de rosa
se me has de querer axiña
non te fagas receosa.

2

Moito me falas, Manolo,
mesmo me deixas pasmada
pero como ti es tan pillo
eu non che podo crer nada.

3

Pois pódesho crer, Carmiña,
que che teño tal cariño
que aquí morro de pena
se non te casas comigo.

4

Pois logo, se non me cambias
e me tes tanto cariño
querereite toda a vida
se me saes formalíño.

5

Nunca con outra me caso
xa que me queres, Carmiña,
mais eu non teño descanso
ata que non sexas miña.

6

Casarémonos, Manolo,
se o permite san Antonio;
casarémonos axiña
pra gozar do matrimonio.

7

Aínda non che é pra hoxe
nin tampouco prá semana;
primeiro quero saber
de que torre vén a rama.

8

Por fin, tres meses e un día,
levaron de relacións
mais ó cabo daquel tempo
casaron con monicións.

9

Fixeron a grande voda
na casa de Carmeliña
e alí os dous namorados
fóronse deitar con día.

10

Empezaron a tarefa
e Carmiña dixo así:
Grazas a Deus, Manoliño,
que entrou o rei en Madrid.

11

Pois que sexa moi ben vido
que me parece xeitoso.
Deus queira que nunca canse
nin se faga receloso.

♩ = 69 | CANTO NARRATIVO

Car - mi - ña do meu a - gra - do,
bo - ni - ta ca - ra de ro - sa,
se me has de que - rer a - xi - ña
non te fa - gas re - ce - lo - sa.